

NON É UNHA CAIXA É UNHA CIDADE

Texto e ilustracións de ANTOINETTE PORTIS

Tradución de CHEMA HERAS e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 42 páx. 14 €

JUNIOR LIBRARY GUILD GOLD STANDARD SELECTION

Non é unha caixa. É unha cidade (galego)

ISBN 978-84-1343-368-4. Álbum ilustrado. Demademora.

No es una caja. Es una ciudad (castelán)

ISBN 978-84-1343-369-1. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

No és una caixa. És una ciutat (català)

ISBN 978-84-10387-09-6. Àlbum il·lustrat. Obres d'autor/a.

Et za kaxa bat. Irl bat data (euskara)

ISBN 978-84-1343-369-1. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

Non è una scatola. È una città (italiano)

ISBN 978-84-1343-370-7. Gli albi d'autore. Primi lettori.

- Podo axudarte?

- Non necesito axuda.

- Eu son moi alta!

- Veña, está ben. Pero esta é a miña cidade...

O traballo colectivo fai que esta cidade deixe de ser “miña” para ser “nosa”. Outra volta sobre unha proposta imprescindible a prol da imaxinación e do xogo creativo.

O coello que protagoniza esta icónica serie de Antoinette Portis observa unhas caixas de cartón amoreadas, de distintas formas e tamaños, e decide converterse no “mellor construtor do mundo”: velaí o detonante de «Non é unha caixa. É unha cidade».

A chegada doutros animais ofrecéndose a colaborar e a participar no xogo choca co seu carácter individualista, rexeitando así a intervención doutros axudantes ou xogadores. Ao verse só cambiará de opinión e contará coas achegas da xirafa que, co seu longo pescozo, pode facer torres máis altas do que alcanza o coello; das formigas, que son quen de erguer 50 veces o seu propio peso e poden transportar as caixas máis voluminosas; e do camaleón, un experto en cores, que empeza a pintar a cidade.

Fronte ao egoísmo e á intolerancia que conducen á soidade e á tristura, o coello descubrirá a importancia de compartir, abrazar a diversidade, respectar outros puntos de vista e, sobre todo, valorar o traballo en equipo e facer amizades. Rectificar é de sabios e o protagonista decatase da necesidade de colaborar para, entre todos, darlle vida a unha grande e fermosa cidade como resultado do esforzo colectivo e do poder ilimitado da imaxinación.

Tralo éxito internacional de «Non é unha caixa», a autora volve reivindicar o xogo libre e creativo neste novo libro onde as imaxes —unha colaxe de caixas entre as que se sitúan os personaxes, trazados cunha absoluta economía gráfica e expresiva— seguen tendo un peso maior que o texto. Partindo de reciclar e reutilizar materiais tan *simples* como unhas caixas de cartón, a ollada infantil pode transformalas no mellor dos xoguetes; un recurso ben humilde, mais con infinitas posibilidades.



■ **Temática:** traballo en equipo, esforzo colectivo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** múltiples usos das caixas de cartón, imaxinación, creatividade; xogo libre, xogo simbólico, experimentación, transformación, compartir, aprendizaxe; conceptos relacionados co espazo, reciclaxe; urbanismo, arquitectura, arte, cidades, construción; da autora de «[Non é unha caixa](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/non-e-unha-caixa-e-unha-cidade-g>

Antoinette Portis

Graduada en Arte pola Universidade de California (UCLA). Antes de dedicarse exclusivamente á creación de libros para a infancia, traballou no sector do deseño e da publicidade, e foi directora creativa da compañía Disney Consumer Products. En 2010 participou na residencia creativa Sendak Fellowship. «Non é unha caixa» foi o seu primeiro álbum infantil. Entre os recoñecementos que recibiu, esta obra destaca como Libro de Honra 2007 do Premio Theodor Seuss Geisel que se lles concede ás mellores obras infantís publicadas nos Estados Unidos. The New York Times distinguíuno como o mellor libro ilustrado de 2007. Tamén foi Libro Destacado da American Library Association e forma parte dos programas gubernamentais de México e Arxentina, ademais de estar entre Os Mellores Libros para Nenos e Mozos 2009 do Banco do Libro de Venezuela.

<http://www.antoINETTEportis.com>

